

A TOSE FERINA EN GALICIA: SITUACIÓN ACTUAL

Introdución


A tose ferina é unha enfermidade endémica en todo o mundo que amosa picos de transmisión cada certos anos, incluso en presenza dun programa de vacinación con alta cobertura. Durante o ano 2023, varios países europeos notificaron un aumento do número de casos en comparación cos anos anteriores á COVID-19^[1].

En Galicia, como se puido comprobar no informe de 1983 a 2023^[2], a incidencia de tose ferina (casos por cen mil habitantes, c/10⁵h) diminuíu notablemente durante a década de 1980, para se estabilizar a partir de 1993 en incidencias inferiores a 1 c/10⁵h ao ano. A partir de 2012 observouse un "rexurdir" ata acadar en 2015 os 6'1 c/10⁵h, que se mantivo ata o ano 2017. Durante os anos da pandemia da COVID-19 (2020-2022) as incidencias anuais foron inferiores a 0'6 c/10⁵h e no ano 2023 volveuse a apreciar un lixeiro ascenso, especialmente a partir da cuatrisesmana 13 (04/12/23 a 31/12/23).

Ao longo dos anos tamén se observou un cambio na distribución dos casos por grupos de idade. Nos menores de 1 ano, os máis vulnerables a tose ferina grave e os que adoitaban ser o grupo coa maior porcentaxe de casos, a incidencia pasou de ser 239 c/10⁵h no ano 2012 a acadar un pico no 2015 co 410 c/10⁵h e iniciar un descenso posterior terminando en 13'6 c/10⁵h no 2023.

Situación actual

Na gráfica da dereita pode verse a evolución da incidencia de tose ferina por semana epidemiolóxica dende a semana 17 do 2024 (22/04/24 a 28/04/24) ata a semana 46 (11/11/24 a 17/11/24). Comentar que os datos non son definitivos porque nas próximas semanas poden declararse casos con datas de inicio de síntomas correspondentes a semanas anteriores. A partir da semana 49/2023 (04/12/23 a 10/12/23) observouse un ascenso na incidencia que acadou un pico na semana 11/2024 (11/03/24 a 17/03/24) e dende entón, sigue unha tendencia descendente.



Idade	Casos		Incidencias (c/10 ⁵ -ano)	
	2018-2023	2024	2018-2023	2024
0-1 meses	2	5	65,3	204,6
2-3 meses	2	7	65,3	286,4
4-5 meses	1	9	32,6	368,2
6-11 meses	3	25	32,6	341,0
Menos de 1 ano	8	46	43,5	313,7
1-4 anos	8	117	10,1	179,4
5-9 anos	6	179	5,3	172,5
10-14 anos	8	217	6,8	183,6
15-29 anos	6	40	1,7	11,5
30 anos e máis	25	206	1,2	10,0
1 ano e máis	53	759	2,0	28,3
Todos	61	805	2,2	29,8

Na táboa da esquerda poden consultarse os casos e as incidencias máximas da tose ferina por grupo de idade no período 2018 a 2023 e os correspondentes ao ano 2024, ata a semana 46. Aínda que non son comparables en canto ao marco temporal, pode verse o importante aumento na incidencia que se está a producir no 2024 respecto ao período anterior, especialmente no grupo de 5 a 14 anos. Neste ano hospitalizaron 25 casos (10 menores de 1 ano) e non se declarou ningún falecido por tose ferina.

Referencias

- [1] ECDC. Weekly Communicable Disease Threats Report, Week 51, 17 - 23 December 2023
 [2] DXSP. A tose ferina en Galicia de 1983 a 2023